



**DITAME DA COMISIÓN NON PERMANENTE PARA O ESTUDO DA SITUACIÓN
DOS EMIGRANTES**



1. Antecedentes xerais (páx. 3)
 - 1.1 . Antecedentes da Comisión (páx. 4)
 - 1.2 . Composición e sesións celebradas (páx. 4)
 - 1.3 . Documentación estudiada pola Comisión (páx.10)
 - 1.4 . Visitas aos galegos na emigración (páx. 12)
 - 1.5 . Ultimas actividades da Comisión (páx. 16)
2. Orixe, situación e propostas sobre o retorno dos emigrantes galegos e dos seus descendentes. (páx. 18)
3. Dereitos políticos: participación electoral dos galegos e galegas do exterior (páx. 32)
4. Patrimonio Cultural e Emigración (páx. 45)



ANTECEDENTES XERAIS



I.- Antecedentes da Comisión.

A Mesa-Xunta de Portavoces na súa reunión do día 15 de febreiro de 2000, acordou a proposta de creación da Comisión non permanente para o estudo da situación dos emigrantes galegos, a solicitude do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 12.013), anunciándose a constitución da Comisión na Mesa-Xunta de Portavoces do 13 de abril de 2000, para o día 27 de abril de 2000, pechándose o expediente ao finalizar a lexislatura (V).

Na VI Lexislatura, acórdase novamente a creación dunha Comisión especial non permanente para o estudo dos problemas da emigración galega, na Mesa-Xunta de Portavoces do 18 de abril de 2002, a petición dos G.G.PP. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 2397 e 2399), Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 2351) e Popular de Galicia (doc. núm. 2392) . Posteriormente, e a solicitude dos portavoces dos distintos grupos parlamentarios (doc. núm. 5914), désígnase unha Ponencia para coordinar os traballos da Comisión, tomando coñecemento de dita constitución a Mesa do Parlamento do 26 de novembro de 2002. Pechándose novamente o expediente por fin de lexislatura.

Na actual Lexislatura (VII), a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 3370), constitúese de novo a Comisión o 22 de maio de 2006, unha vez admitida a solicitude pola Mesa do Parlamento na súa reunión do 20 de marzo de 2006.

II.- Composición e sesións celebradas.

VI Lexislatura

A. Composición

A Mesa da Comisión quedou composta do seguinte xeito:



- D. José Manuel Barreiro Fernández (presidente)
- Da. M^a Josefa Caldelas Fernández (vicepresidenta)
- D. Manuel Luis Rodríguez González (secretario)

Os vocais adscritos polos distintos grupos á Comisión foron os seguintes:

- D. Fernando Amarelo de Castro (Grupo Popular)
- D. José Manuel Baltar Blanco (Grupo Popular)
- Da. Remedios Castedo Carballo (Grupo do BNG)
- D. Xosé Francisco Ferreiro Abelleira (Grupo do BNG)
- D. Pablo López Vidal (Grupo dos Socialistas de Galicia)
- D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo (Grupo do BNG)
- D. Manuel Ruíz Rivas (Grupo Popular)
- D. Miguel Santalices Vieira (Grupo Popular)
- Da. María Soledad Soneira Tajés (Grupo dos Socialistas de Galicia)
- Da. María Jesús Tapia Fernández (Grupo Popular)
-

A Ponencia encargada de coordinar os traballos da Comisión e elaborar un proxecto de dictame, quedou integrada polas señoras e señores deputados seguintes:

G.P. Popular de Galicia:

- D. Manuel Ruíz Rivas
- D. Miguel Santalices Vieira

G.P. Bloque Nacionalista Galego:

- Da. Tereixa Novo Arrojo
- D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo



G.P. dos Socialistas de Galicia:

- Da. María Soledad Soneira Tajés
- D. Pablo López Vidal

B. Sesións

Podemos clasificar as sesións desenvoltas pola Comisión en:

Internas

- Sesión constitutiva, o 6 de xuño de 2002.
- Aprobación das normas reguladoras, o 3 de outubro de 2002.
- Debate e aprobación do plan de traballo da comisión e designación dunha Ponencia no seo da Comisión, o 17 de outubro de 2002.
- Elección do presidente/a da Comisión, o 7 de marzo de 2003.
- Reorganización dos traballos da Comisión, o 31 de marzo de 2003.
- Elección do vicepresidente/a da Comisión, designación de novos ponentes en substitución do Sr. Santalices Vieira e Ruíz Rivas e informe do Sr. Presidente da Comisión sobre o acordo da mesa da Comisión acerca da comparecencia do profesor Villares ante a Cámara, o día 13 de xuño de 2003.

De Comparecencias

- D. Ramón Villarés Paz, catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela, o 23 de xuño de 2003.
- Da. María Xosé Rodríguez Galdo, profesora, o 15 de xullo de 2003.
- Da. Isabel Quintáns Rodríguez, representante do Sindicato CC.OO, o 29 de setembro de 2003.
- D. José Manuel Castelao Bragaña, presidente do Consejo General de la Emigración, o 20 de outubro de 2003.



- Da. Luisa Cid López, responsable do Centro de Atención a Emigrantes Retornados (UXT de Galicia) e D. Lois Pérez Leira, Coordinador Nacional do Departamento de Migración da Confederación Intersindical Galega (CIG), o 15 de outubro de 2004.

As realizadas nas viaxes aos países con emigración galega

- Reunión celebrada no Consulado de España en Río de Janeiro, o 30 de xuño de 2003.
- Reunión celebrada na Casa de España en Río de Janeiro, o 30 de xuño de 2003.
- Reunión celebrada no Recreio dos Anciáns en Río de Janeiro, o 1 de xullo de 2003.
- Reunión no Concello de Montevideo, o 3 de xullo de 2003.
- Reunión no Hogar español de Montevideo, o 3 de xullo de 2003.
- Reunión no Ministerio de Sanidade de Uruguay, o 3 de xullo de 2003.
- Reunión na Asociación de Empresarios Galegos de Montevideo, de 3 de xullo de 2003.
- Reunión no Centro Gallego de Uruguay, o 3 de xullo de 2003.
- Reunión na Unión de Sociedades Galegas en Montevideo, o 3 de xullo de 2003.
- Reunión no Centro Gallego de Bos Aires, o 4 de xullo de 2003.
- Reunión co Consejo de Residentes Españoles en Bos Aires, o 4 de xullo de 2003.
- Reunión no Centro de Lalín de Bos Aires, o 4 de xullo de 2003.
- Reunión no Hotel América Towers de Bos Aires, o 5 de xullo de 2003.
- Reunión na Federación de Sociedades Galegas (Bos Aires), o 5 de xullo de 2003.
- Reunión no Centro de Avellaneda (25 de maio), o 6 de xullo de 2003.
- Reunión no colexio arxentino “Santiago Apóstolo”, o 6 de xullo de 2003.
- Reunión na Sede do Goberno na cidade de Bos Aires, 7 de xullo de 2003.



As reunións levadas a cabo pola Ponencia encargada de coordinar os traballos da Comisión foron as seguintes:

- Estudo das propostas do plan de traballo, o 25 de outubro de 2002.
- Debate e aprobación da relación de comparecentes presentados polos distintos Grupos Parlamentarios, o 4 de novembro de 2002.
- Ordenación dos traballos da Comisión, o 15 de setembro de 2003.
- Ordenación dos traballos da Comisión e preparación da visita institucional a Brasil e Bos Aires (nos días 30 de outubro ó 8 de novembro), o 15 de outubro de 2003.
- Información sobre a programación da viaxe institucional á República Bolivariana de Venezuela e a Estados Unidos de México (nos días 3 ao 13 de xullo de 2004), o 2 de xuño de 2004.
- Distribución do traballo para os efectos da elaboración do proxecto do dictame, o 28 de abril de 2005.

VII Lexislatura

A. Composición

A Mesa da Comisión quedou composta do seguinte xeito:

- D. Xosé Ramón Paz Antón (presidente)
- Da. María del Carmen Acuña do Campo (vicepresidenta)
- D. Aurelio Miras Portugal (secretario)

Os vocais adscritos polos distintos grupos á Comisión foron os seguintes:

- D. José Manuel Castelao Bragaña (Grupo Popular)
- Da. María Soledad Soneira Tajés (Grupo dos Socialistas de Galicia)
- D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (Grupo do BNG)



B. Sesións

Podemos clasificar as sesións desenvoltas pola Comisión en:

Internas

- Sesión constitutiva, o 22 de maio de 2006.
- Aprobación das normas reguladoras e proposta do plan de traballo da Comisión, o 26 de xuño de 2006.

De Comparecencias

- D^a. María José Rubio Vidal, Conselleira de Sanidade, o 23 de marzo de 2007.
- D. Manuel Luis Rodríguez González, secretario xeral de Emigración, o 4 de maio de 2007.

O 20 de setembro de 2007 compareceron:

- D. Ramiro Vieito Vilas, Centro Gallego de Nüremberg
- D. Luis Couto Nogueira, pola entidade Hermandad Gallega de Venezuela,

O 24 de setembro de 2007 compareceron:

- D. Santos Gastón Juan, pola entidade Hijos de Arantey y Centro Villamarín Perojano Mutual Cultural y Recreativa (Bos Aires);
- D. Luis Alberto Cerviño Barrios, pola Unión de Sociedades Gallegas de Montevideo (é presidente ademais da entidade Centro Social, Cultural y deportivo de Bolos Valle Miñor USG (Montevideo));
- D. José Pérez Sánchez, pola entidade Centro Recreativo Unión do Río Tea (Salvador de Bahía)
- D. Julio Martínez Fernández, polo Centro Gallego de Buenos Aires,



D. Manuel Ramos Pérez, presidente da Casa de Galicia de Montevideo, compareceu o 15 de outubro de 2007:

O 19 de outubro de 2007 compareceron:

- José Ignacio Paz Bouza do Centro Gallego de Salamanca
- Juan José Fernández Teijeiro do Centro Gallego de Santander

O 26 de outubro de 2007 compareceron:

- Ernesto Lagarón Vidal da Agrupación Cultural Saudade de Barcelona
- David Fidalgo Fidalgo da Casa de Galicia de Bilbao

O 19 de novembro de 2007:

- José Luis Seoane Vidal da Obra Social Ospaña
- Francisco González Otero do Hospital Universitario de Caracas (Venezuela)

III.- Documentación estudiada pola Comisión.

VI Lexislatura

1.- Informe da visita realizada aos representantes de Emigración Galega en Río de Janeiro, Montevideo e Bos Aires (días 30 de xuño ao 8 de xullo de 2003).

2.- Informe sobre a situación actual dos emigrantes galegos (viaxe a Brasil e Bos Aires – 30 de outubro ao 8 de novembro de 2003).

3.- Documentación da visita realizada a Venezuela e a México en xullo de 2004.

3.1.- Ponencia sobre a emigración gallega en Venezuela (documentación entregada na reunión de Caracas coa Hermandad Gallega de Venezuela, o 5 de xullo de 2004).



3.2.- Información sobre a Sociedad Española de Beneficencia de Venezuela e número de españoles e galegos residentes en Venezuela (documentación entregada o 6 de xullo de 2004).

3.3.- Páxina do número de abril de 2004 do Boletín del Consejo de Residentes Españoles en México “España Nuestra”, cun artigo sobre acordos adoptados polo pleno del Consejo General de la Emigración en materia de dereitos civís e participación (documentación entregada o 9 de xullo de 2004).

3.4.- Documentación relacionada coas prestacións sanitarias e asistenciais:

3.4.1.- Análise da Orde TAS/2865/2003, de 13 de outubro (autora: Pilar Madrid Yagüe, letrada da administración da. Seg. Social).

3.4.2.- Análise Orde TAS7281/2004, de 4 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas correspondentes aos programas de actuación a favor dos emigrantes galegos.

3.4.3.- Relación de Ordes da Xunta de Galicia, sobre programas de axuda.

3.4.4.- Acordos adoptados polo I Pleno do IV mandato do Consejo General de la Emigración (Madrid, 31 de marzo e 1 e 2 de abril de 2003).

3.4.5.- Conclusións ao I relatorio: Asistencia social e emigrantes galegos e retornados (Consello de CCGG de novembro de 2003).

4.- Análise da documentación presentada sobre a situación da colonia galega en Venezuela, Colombia e República Dominicana.

5.- Documentación entregada por Da. Luisa Cid López, responsable do Centro de Atención a Emigrantes Retornados (entregada na reunión da Comisión do día 15 de outubro de 2004).



IV.- Visitas aos galegos na emigración.

VI Lexislatura

1.- Visitas a representantes da Emigración Galega en Río de Janeiro, Montevideo e Bos Aires (do 30 de xuño ao 8 de xullo de 2003):

30 de xuño de 2003:

- Consulado de España en Río de Janeiro.
- Casa de España en Río de Janeiro.

1 de xullo de 2003:

- Recreio dos Ancianos en Río de Janeiro.

3 de xullo de 2003:

- Pazo Municipal de Montevideo.
- Hogar Español de Montevideo.
- Sede do Ministerio de Sanidade de Uruguay.
- Asociación de Empresarios Galegos de Montevideo.
- Centro Galego de Montevideo
- Unión das Sociedades Galegas en Uruguay.

4 de xullo de 2003:

- Centro de Lalín en Bos Aires.
- Reunión coa Unión das Asociacións Galegas da República Arxentina.



5 de xullo de 2003:

- Reunión coa directiva da Federación de Sociedades Galegas en Bos Aires.

6 de xullo de 2003:

- Centro Gallego de Avellaneda.
- Instalacións do Colexio Santiago Apóstolo en Bos Aires.

7 de xullo de 2003:

- Reunión coa directora xeral de Dereitos Humanos na Sede do Goberno na cidade de Bos Aires.

2.- Visitas a representantes da Emigración Galega en Brasil e Bos Aires (do 30 de outubro ao 8 de novembro de 2003):

30 de outubro de 2003:

- Xantar de traballo co Sr. Embaixador, o Sr. Cónsul e o responsable de asuntos laborais da Embaixada

31 de outubro de 2003:

- Visita á Sociedade Hispanobrasileña de Socorros Mútuos.



2 de novembro de 2003:

- Visita ás instalacións e reunións coa Xunta Directiva do Centro Español e Repatriación de Santos.

3 de novembro de 2003:

- Visita ao Palacio do Goberno de Sao Paulo e reunión co presidente da Asemblea do Estado de Sao Paulo.

5 de novembro de 2003:

- Visita ao Centro Galego de Mar de Plata.

6 de novembro de 2003:

- Reunión da Comisión coa directora do Centro Galego de Mar de Plata.

7 de novembro de 2003:

- Visita ao Centro Galego de la Plata. Recepción pola Xunta Directiva.

8 de novembro de 2003:

- Asistencia e participación no Consello de Comunidades Galegas en Bos Aires.

3.- Viaxe institucional dos membros da Comisión á República Bolivariana de Venezuela e Estados Unidos de México (días 3 ao 13 de xullo de 2004):



4 de xullo de 2004:

- Almorzo conmemorativo do 55 aniversario do Club Tanaguarena e encontro coa Colectividade (Venezuela).

5 de xullo de 2004:

- Visita á Irmandade Galega de Venezuela en Caracas e reunión coa xunta directiva e cos presidentes dos Centros da Colectividade.
- Comité de Damas da Irmandade.

6 de xullo de 2004:

- Audiencia coa Cónsul Xeral Adxunta de España, Conselleiro Laboral e de Asuntos Sociais da Embaixada de España en Caracas.
- Visita á Sociedade Española de Beneficiencia.

7 de xullo de 2004:

- Visita á Irmandade Galega de Valencia.
- Visita ao Centro de San Vicente Paul (Venezuela).

9 de xullo de 2004:

- Audiencia co Conselleiro en funcións da Oficina Laboral e de Asuntos Sociais da Embaixada de España en México.
- Visita á Sede do Centro Galego de México.



10 de xullo de 2004:

- Visita á Exposición “Tempos que hai neste tempo” do fotógrafo galego Manuel Sendón.

11 de xullo de 2004:

- Almorzo nas instalacións deportivas “Delegación Istapalapa” do Centro Galego de México e reunión coa Xunta Directiva.

V.-Últimas actividades da Comisión.

VII Lexislatura

Constituída a Comisión nesta VII Lexislatura, continúa coas súas actividades conforme ao plan de traballo aprobado na reunión do 6 de xuño de 2006, desenvolvéndose as súas reunións no marco do interese que para a mesma suscita á comparecencia de representantes dos centros galegos, asociacións e fundacións dos galegos no exterior e das institucións vinculadas á emigración e ao retorno.

Cabe destacar a apertura dun apartado na páxina web do Parlamento colgando un cuestionario ao que pode contestar calquera galego no exterior, independentemente do lugar onde resida e da súa pertenza ou non a un colectivo, podendo aportar documentos e biografías.

Así mesmo e, en función da evolución dos traballos da Comisión, se programarán encontros coas comunidades e cos colectivos galegos no exterior, propiciándose igualmente o encontro con outros Parlamentos autonómicos do Estado e cos parlamentos dos principais países receptores da emigración galega e aqueles outros con experiencia en materia migratoria.



A Comisión manifestou a súa vontade de plasmar as súas conclusións na elaboración de ditames parciais sobre temáticas estudadas ou ben en situacións extraordinarias que puideran xurdir no período de vixencia da mesma, rematando coa elaboración dun ditame global non máis lonxe do ano 2008.



**ORIXE, SITUACIÓN E PROPOSTAS SOBRE O RETORNO DOS EMIGRANTES GALEGOS E
DOS SEUS DESCENDENTES.**



Ao longo da nosa historia, decenas de miles de galegos e galegas saíron ao exterior en busca de mellores oportunidades e coa súa iniciativa, creatividade e traballo, levaron o nome de Galicia por todas as latitudes, axudando ao desenvolvemento dos países que os acolleron.

Xunto con isto, axudaron ao desenvolvemento do noso país dun xeito decisivo en momentos de especial dificultade, enviando remesas aos familiares que permaneceron na nosa terra. Remesas que, en moitos casos, serviron para redimir foros e acceder a propiedade das terras. A historia da propiedade rural en moitas comarcas de Galicia sería impensable sen este aporte económico da emigración, tanto para acceder a propiedade como para a modernización das explotacións agrarias posteriormente.

Igualmente importante para a evolución sociocultural do noso país foi a influencia que os emigrantes tiveron na percepción da propia realidade persoal e colectiva, da conformación dunha identidade colectiva que, si ben estaba durmindo no territorio do vello país, foi preciso espertala alén dos mares. Tamén de alí viñeron as escolas e os centros de investigación e sociais que deron unha oportunidade os fillos dos que aquí quedaron. Non hai lugar en Galicia onde a pegada xenerosa da emigración non se fixera patente.

Esta realidade, permanente con maior ou menor intensidade ao longo dos séculos XIX e XX, fixo que as distintas administracións galegas e estatais prestasen unha especial atención e apoio aos emigrantes dende a instauración democrática. E esta realidade debe ser contemplada, especialmente, no momento de abordar as políticas destinadas a todos aqueles que desexen retornar a súa patria de orixe ou instalarse na patria dos seus pais ou avós.

Os emigrantes galegos e, sobre todo, os seus descendentes, son un gran activo para Galicia. Demograficamente constitúen un aporte a unha sociedade, como a nosa, con índice de avellentamento dos mais altos de Europa. Dende o punto de vista profesional e laboral significan un activo altamente cualificado con gran capacidade dinamizadora do



contorno social a onde retornan e, socialmente, son un colectivo de moi fácil integración xa que, por cultura, tradición e historia, forman parte de Galicia.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, nos seus artigos 1.2 e 4.3 establece que a Comunidade Autónoma asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e a promoción da solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego, e configura como principio reitor da súa política social e económica facer efectivo o dereito dos galegos a vivir e a traballar na súa terra.

Hoxe o concepto de emigrante é moi distinto a imaxe histórica recollidas en fotografías e ilustracións que reflectían unha realidade dramática. A emigración, a galeguidade, son, en gran medida, os fillos e netos que queren seguir vinculados coa patria dos seus ancestros. Todos eles son unha enorme oportunidade de proxección exterior de Galicia, da súa economía, da súa cultura e da súa imaxe. Incorporalos a un proxecto de futuro colectivo debe ser unha das prioridades da sociedade galega no seu conxunto e, moi especialmente, das distintas administracións.

Ninguén, que coñeza minimamente o fenómeno migratorio galego, pode aspirar a un retorno integral do conxunto da poboación galega que reside no exterior, pero parece adecuado deseñar medidas que permitan prever e adiantarnos a fenómenos tales como a volta dos emigrantes que terminaron o seu ciclo laboral en determinados países –case exclusivamente europeos-, ou que poden estar suxeitos a fenómenos de emerxencia por distintas causas. Tampouco debemos desbotar a posibilidade e o incentivo do retorno dos descendentes dos emigrantes que, si ben non son emigrantes en sentido estrito, poden e deben xogar un papel destacado nos proxectos colectivos do noso país.

A posición de Galicia, en relación cos fluxos migratorios, cambiou dun xeito salientable nos últimos anos. De ser terra de partida pasamos a ser terra de acollida para moitos




compatriotas nosos que tomaron o camiño do exilio económico o longo do século XX, e de moitos dos seus descendentes e de familiares que non teñen nacionalidade española.

Segundo os datos facilitados polo *Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais*, no ano 2007 retornaron a Galicia un total de 5.986 dos que 2.079 regresaron o seu municipio de orixe. Estes datos sitúanos como unha das comunidades autónomas con maior número de emigrantes retornados dentro do contexto estatal. E de salientar o progresivo incremento do retorno que se produce nos anos 2001, 2002 e 2003 para a partires de alí comezar a descender.

2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
6.933	8.716	10.050	8.663	6.922	6.779	6.362

Tamén e importante destacar, que si no ano 2004 Iberoamérica era o lugar de procedencia da maior parte dos emigrantes retornados a Galicia, no ano 2005 prodúcese un cambio de orientación neste fenómeno, que continúa e vai en aumento no ano 2006 e 2007, xa que a maioría dos emigrantes retornados a nosa Comunidade proceden de países de Europa. Nos seguintes cadros indícanse os principais países de retorno e a evolución:

Ano	Suíza	Venezuela	Alemaña	Arxentina	Reino Unido	Francia	USA	Brasil	Uruguai
2000	2.408	1.015	525	613	463	316	226	114	241
2001	2.003	1.104	470	1.478	696	380	248	179	489
2002	2.107	1.441	466	2.825	479	321	248	266	808
2003	2.039	1.966	541	1.040	318	355	301	248	787
2004	1.403	1.348	543	761	370	302	266	305	519
2005	2.092	948	502	421	396	379	320	290	289
2006	2.363	726	536	311	407	366	233	223	276



Este cambio de orientación é preciso telo en conta no deseño das políticas de retorno xa que a poboación que retorna de Europa faino, normalmente, con ingresos económicos que lles permiten unha vida digna. Sen embargo, e por tratarse dun colectivo maioritariamente xubilado ou próximo a xubilación, as súas necesidades son mais de tipo asistencial e sanitario.

O retorno americano é mais complexo e heteroxéneo e, moitas veces, solápanse coas necesidades do anterior en canto as idades pero non en canto a recursos económicos e integración social, tendo características moi similares a da poboación inmigrante salvo polo idioma e a nacionalidade.

Igualmente salientable é a sensación de rexeitamento que moitos emigrantes retornados e, sobre todo, os seus descendentes e familiares, senten no momento de reintegrarse a súa sociedade de orixe e que mesmo os fai asimilarse os apátridas xa que, no país de emigración nunca foron considerados nacionais e no seu país de orixe, logo de moitos anos de ausencia, é considerado “arxentino”, “suizo”, “alemán”, etc.



Respecto ao marco xurídico debe significarse que case tódalas competencias nesta materia son estatais, e que existen diversas concepcións respecto ao termo “emigrante retornado” que deben ser obxecto de estudo e análise. Neste sentido a *Ley 40/2006, de 14 de decembro, del Estatuto de la Ciudadanía Española en el exterior*, no seu artigo 2.2 se indica que:

2.- El Estado establecerá los requisitos básicos y el procedimiento para acreditar la situación de español retornado.

A pesar de que, como xa se dixo, as competencias nesta materia son maioritariamente estatais, os diversos gobernos de Galicia teñen posto en marcha iniciativas e programas que tentan facer mais doada a integración e o retorno dos emigrantes, e os seus descendentes e familiares, a nova realidade social galega. Cabe salientar algunhas delas:

En materia de coñecemento da realidade social, cultural, económica, laboral, etc.:

- Convenios de colaboración con universidades co fin de elaborar datos estatísticos cos aspectos sociolóxicos derivados do retorno.

- A realización dunha enquisa en Arxentina, México, Brasil, Uruguai, Venezuela, Estados Unidos, Suíza, Reino Unido, Francia e Alemaña. Baixo o obxectivo xenérico de recoller e dispor de información sobre a situación e as opinións da emigración galega no estranxeiro planea os seguintes obxectivos específicos de investigación:

a) Coñecer a percepción que os emigrantes teñen dos cambios políticos e sociais ocorridos en España dende a transición ata agora.

b) Inquirir a situación persoal dos emigrantes na actualidade.

c) Saber cál é a súa relación coa administración galega e estatal.

d) Coñecer cál é a súa opinión da situación dos países que os acollen.

- Actualmente atópase en tramitación un protocolo de colaboración coa Administración do Estado co fin de coordinar as actuacións da Oficina do Retorno do



Estado, creada a partir da Ley 40/2006, coas actuacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Convenios con entidades sen ánimo de lucro e os tres sindicatos maioritarios de Galicia co fin de facilitar información aos retornados.

En canto ao *ámbito local* téñense posto en marchas distintas liñas de actuación:

-. Convenios de colaboración de carácter plurianual cos sete grandes concellos de Galicia.

-. Convocatoria pública de axudas a concellos, mancomunidades locais e consorcios locais para realización de actuacións de orientación, información e asesoramento aos emigrantes retornados.

-. Como complemento do anterior se está en conversas coa FEGAMP co fin de que o 100% da poboación retornada dispoña de información.

Polo que atinxe á información *no exterior* deben poñerse de relevancia dúas actuacións que son distintas en función do ámbito xeográfico:

-. Creación dunha delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires para Arxentina e Uruguai.

-. Servizo de información sobre o retorno que se ven realizando en Suíza, Alemaña e os Países Baixos, estando previsto neste ano amplialo a Francia e Reino Unido.

No eido educativo existen protocolos de actuación entre as administracións competentes neste campo e emigración co fin de acadar a incorporación de xeito rápido do alumnado procedente do estranxeiro a través de actuacións de información aos país, clases de reforzo, procesos de adaptación a diversidade e formación dos profesionais do ensino.

Cabe salientar, tamén, que no eido da vivenda debe significarse que a administración ten en consideración aos emigrantes galegos retornados como un dos colectivos de



especial protección, especialmente no caso do acceso á vivenda en propiedade con reserva dunha porcentaxe da vivenda de promoción pública para os emigrantes retornados.

En materia socio sanitaria existen convenios e subvencións para a atención específica, a través dos servizos sociais dos concellos, aos emigrantes retornados. A cobertura dos servizos sociais municipais é de carácter universal, polo que o seu campo de actuación abrangue a tódolos cidadáns, tanto retornados con nacionalidade española como os seus descendentes e familiares que carezan da mesma. A Secretaría Xeral de Emigración mantén un dispositivo de acollida de carácter permanente a través de entidades sen ánimo de lucro para emigrantes retornados, e outros colectivos, en situación de emerxencia social.

Con independencia do anterior a Xunta de Galicia mantén as axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares:

- *Incremento anual da contía das mesmas.*
- *Ampliación do ámbito subxectivo ao ampliar para os maiores de 65 anos o prazo para solicitálas.*
- *Cobertura de gastos de viaxe, traslado de enxoval e gastos de documentación.*
- *Previsión de adiantos das axudas nos supostos de retornos masivos como consecuencia da situación socioeconómica nos países de emigración.*

Polo que se refire á *sanidade*, á información sobre o acceso á asistencia sanitaria e programas de promoción da saúde e prevención, véñense realizando de xeito normalizado a traveso dos servizos de información e as actuacións da Consellería de Sanidade aínda que, neste campo concreto, existen carencia de información fidedigna – en orixe- dos dereitos e das características da atención a que teñen dereito o seu regreso.

No terreo da inserción laboral existen algúns puntos de información sobre o mercado laboral galego e os seus aspectos normativos en algunhas das capitais onde residen emigrantes galegos que, lamentablemente aínda son poucos e limitados. En canto aos



programas de inserción laboral, a Consellería de Traballo ven considerando como colectivo de especial protección aos emigrantes retornados nas súas actuacións como poden ser:

- *Incentivos á contratación por conta allea.*
- *Incentivos á contratación indefinida das mulleres.*
- *Fomento da estabilidade no emprego.*
- *Promoción do emprego autónomo.*

Ao marxe do anterior deben poñerse de manifesto os seguintes programas e actuacións no eido da inserción laboral:

- *Instalación de puntos de información electrónica nos países de emigración respecto á situación laboral en Galicia en colaboración coa Consellería de Traballo.*
- *Cursos da secretaría Xeral de Emigración de formación nos países de emigración co fin da incorporación ao mercado laboral galego.*
- *Axudas da Secretaría Xeral de Emigración a entidades sen ánimo de lucro para realización de proxectos de inserción laboral para emigrantes retornados en Galicia.*

O Estado, pola súa banda, en coherencia coa obriga legal, dispón de medidas de apoio a emigración e, moi especificamente, para aqueles que desexen retornar. Entre elas cabe sinalar:

- *Descontos nas viaxes de retorno.*
- *Réxime de franquicias para a importación de mobiliario e efectos persoais.*
- *Prestación de desemprego.*
- *Axuda por necesidades extraordinarias (existe tamén unha axuda autonómica en Galicia)*
- *Axuda para a integración laboral do retornado.*
- *Axudas destinadas a entidades e colectivos de emigrantes retornados.*
- *Axudas a creación de emprego e autoemprego.*



- *Pensións asistenciais para emigrantes retornados.*
- *Dúas residencias para maiores retornados.*
- *Axudas para os retornados con discapacidade.*
- *Becas e axudas o estudio.*

O retorno dos que emigraron e, sobre todo, dos seus descendentes implica novos retos e un novo escenario de oportunidades para eles mesmos e para Galicia no seu conxunto. Partindo das actuacións que os distintos gobernos teñen posto en práctica e dos programas e accións xa existentes, conviría acentuar a acción en determinados campos que permitan que a integración e o retorno sexan mais efectivos e mais doados para os que volven e para os que os reciben.

En concreto, considérase necesario abordar accións e/ou incentivar as xa existentes nos campos seguintes:

Cooperación institucional:

- É preciso coordinar tódalas accións que teñan a emigración como destinataria, especialmente en tódolos aspectos que afectan ó retorno dos emigrantes, os seus descendentes e familiares. Administración local, autonómica e estatal deben ir da man para facilitar a simplificación administrativa e achegar información uniforme independentemente do organismo público ou conveniado que a facilite.

- Dispor de información segura é indispensable para tomar a decisión de retornar en base o coñecemento da realidade a onde se pretende retornar. Para iso propoñemos que se estendan e incentiven os mecanismos de información a través das Delegacións da Xunta existentes e das que se creen no futuro, oficinas consulares e entidades e institucións galegas e españolas no exterior sobre tódalas circunstancias que inciden no proceso de retorno:

- *Información xeral sobre Galicia.*



- *Información en materia de sanidade, asistencia social, seguridade social, relacións laborais, vivenda, educación, trámites administrativos, etc.*
- *Nacionalidade, visados, autorización de traballo e residencia.*
- *Información e orientación sobre programas de apoio e axudas públicas destinados a emigrantes retornados e outras axudas sociais.*
- *Mercado laboral e posibilidades de emprego e autoemprego.*
- *Proponse a creación dunha Guía do oficial permanentemente actualizada onde figure toda canta información sexa de interese para os emigrantes que pretendan retornar a Galicia ou o resto de España, con especial incidencia nos campos descritos no punto anterior.*

Laboral/ocupacional/empresarial:

- *É preciso establecer mecanismos de formación en orixe que permita unha mellor e mais eficiente adaptación o mercado laboral galego, español e europeo para os retornados de Iberoamérica.*
- *Establecer cursos homologados de adaptación ás familias laborais recoñecidas pola lexislación laboral española e galega para os emigrantes retornados que dispoñan dunha titulación similar pero non recoñecida en Galicia.*
- *Extensión do Servizo Galego de Emprego, a través das Delegacións da Xunta de Galicia e outras entidades coas que se asinen convenios de colaboración, ao colectivo emigrante para achegar as demandas do mercado laboral galego os emigrantes que desexen retornar.*



- Establecer mecanismos de información, cooperación e colaboración empresarial entre as organizacións empresariais galegas radicadas en Galicia e as establecidas nos países de emigración.
- Diseñar instrumentos normativos que permitan o recoñecemento e homologación das familias e categorías profesionais que permitan o recoñecemento da formación e a experiencia profesional dos emigrantes retornados polo mercado laboral galego.

Educativo/cultural:

- Fomentar e incentivar a presenza no sistema educativo galego dos fillos e descendentes dos emigrantes galegos. Tanto dos que emigraron o estranxeiro como a outras comunidades autónomas.
- Simplificar os procedementos e acurtar os tempos de recoñecemento das titulacións académicas, obtidas nos países de emigración, dos emigrantes retornados e dos seus descendentes
- Fomentar e incentivar os intercambios culturais entre os galegos de acá e os de acolá como instrumento que permita captar intelixencias e talentos dispostos a investir e radicarse na terra dos seus antepasados e/ou mesmo fomentar o retorno dos intelectuais e da súa produción.
- Fomentar a ensinanza da historia da emigración no sistema educativo de Galicia, así como os proxectos de investigación e de estudo que teñan como temática o fenómeno migratorio galego e as súas consecuencias para a sociedade galega pasada actual, e futura.



- Fomento dos programas de sensibilización sobre a integración, a inter culturalidade e o respecto a diferenzas.
- Fomento da ensinanza do idioma galego tanto en orixe coma no momento do seu retorno para os que teñen outro idioma como lingua materna.

Socio-Sanitario:

- Establecer programas específicos, en colaboración cos concellos, para os emigrantes retornados, con especial atención os maiores e a familias de especial vulnerabilidade con risco de exclusión social.
- Difundir o contido do dereitos á asistencia sanitaria de que son titulares os/as retornados/as, prestando especial coidado á actualización e precisión da información facilitada
- Instar o Estado a que asine convenios que permitan o traslado da historia sanitaria dos emigrantes retornados para a súa incorporación o sistema público galego e español.
- Que, na medida do posible, a Xunta de Galicia teña en conta a condición de retornado/a na concesión de prazas en residencias e centros de día para persoas en situación de dependencia, exclusión social, emerxencia social, urxente repatriación...
- Recomendamos o deseño de plans de retorno e programas de emerxencia destinados a prever situacións de emerxencia social nos países de residencia de emigrantes galegos, por catástrofes naturais, inestabilidade política e/ou social, crise económica, etc.



De carácter xeral:

- Promover e elaborar estudos sobre os distintos aspectos que afecten a emigración e, mais concretamente, tódolos aspectos que afecten ou poidan afectar o retorno presente e de futuro:
 - *No eido educativo para facilitar a integración no sistema público galego dos retornados e a captación de alumnado descendente de emigrantes galegos que desexen estudar fora do seu país de residencia.*
 - *Nos aspectos socio sanitarios tendo en conta a orixe e a situación social do retornado.*
 - *Económico-empresarial, que permitan coñecer esta realidade e facilitar a inter-conexión de empresas e empresarios galegos no mundo.*



**DEREITOS POLÍTICOS: PARTICIPACIÓN ELECTORAL DOS GALEGOS E
GALEGAS DO EXTERIOR**



PARTICIPACIÓN ELECTORAL DOS GALEGOS E GALEGAS DO EXTERIOR

No Plano de traballo da *Comisión non permanente para o estudo sobre a situación da emigración galega* estableceuse a necesidade de estudar e facer propostas sobre a participación e representación electoral dos galegos e galegas no exterior.

E por iso que nas comparecencias evacuadas no seo da Comisión foi un tema que sempre estivo presente tanto nas manifestacións dos deponentes como tamén nas intervencións dos e das representantes dos diferentes grupos parlamentares.

Porén, o feito de que no propio Parlamento de Galiza se constituíse unha ponencia conxunta para elaborar unha proposta de modificación da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral que poder trasladar ao Parlamento do Estado, así como dada composición da referida ponencia (todos os grupos parlamentares) e o feito de que os deputados e deputada representantes destes grupos coinciden practicamente cos membros da *Comisión non permanente para o estudo sobre a situación da emigración galega* (polo G. P. do Partido Popular, Sres. Castelao Bragaña e Miras Portugal, polo G. P. dos Socialistas de Galicia, Sra. Soneira Tajés e Sr. Fernández Leiceaga e Sres. Aymerich Cano e Tabarés Pérez-Piñeiro polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego), motivou que esta acordase suspender os traballos previstos nesta área, asumindo como propios os resultados acadados na devandita ponencia conxunta. Entendemos, pois, que os labores previos realizados nesta Comisión formaron parte da bagaxe documental dos seus membros e tivo continuidade na actividade desenvolvida na citada ponencia.

CONCLUSIÓNS

A *Comisión non permanente para o estudo sobre a situación da emigración galega* asume como propios os resultados acadados na devandita ponencia conxunta, para



presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do Réxime Electora Xeral, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto dos cidadáns.

A Comisión non permanente para o estudo sobre a situación da emigración galega acorda incorporar a este dictame a resolución resultante do debate de toma en consideración da proposición de lei de ponencia conxunta, que terá lugar na vindeira sesión do Pleno da Cámara a realizar o próximo día 24 de xuño de 2008.



A Ponencia conxunta designada no seo da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e integrada por:

- D. Aurelio Miras Portugal (relator titular, do Grupo Parlamentario Popular).
- D. José Manuel Castelao Bragaña (relator suplente, do Grupo Parlamentario Popular).
- D. Xaquín María Fernández Leiceaga (relator titular, do Grupo Parlamentario dos Socialistas).
- D.^a María Soledad Soneira Tajés (relatora suplente, do Grupo Parlamentario dos Socialistas).
- D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (relator titular, do Grupo Parlamentario do BNG).
- D. Carlos Ignacio Aymerich Cano (relator suplente, do Grupo Parlamentario do BNG).

Elaborou, conforme o establecido no artigo 163 do RPG, para a súa presentación ante a Mesa do Congreso dos Deputados, a seguinte:

Proposición de lei orgánica de modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do réxime electoral xeral, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto dos cidadáns

Exposición de motivos

É preciso homologar as condicións de exercicio do dereito de sufraxio activo para a cidadanía que reside no exterior con aquelas que son, conforme a normativa electoral, as normais para aqueles electores e aquelas electoras que viven en España.



Por esa razón, establécese nesta proposición de lei orgánica un sistema de voto en urna, apoiado na administración consular, e un sistema que facilita con todas as garantías o exercicio do voto por correo.

Regúlanse tamén as campañas electorais e establécese a previsión de depuración do censo de electores e electoras residentes no exterior.

A elevada porcentaxe que os electores e as electoras no exterior supón no corpo electoral galego leva ao Parlamento de Galicia a adoptar esta iniciativa lexislativa.

Artigo único.- Modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do réxime electoral xeral

Un. Engádeselle ao punto 1 do artigo 19 unha nova letra m), que queda redactada da seguinte maneira:

“m) Atender o proceso electoral das persoas residentes no exterior nas eleccións xerais e europeas.”

Dous. Suprímese o artigo 75.

Tres. Introdúcese no capítulo VI do título I unha nova sección décimo oitava, coa seguinte redacción:

“Sección décimo oitava

Regulación do voto dos residentes que vivan no exterior



Artigo 120 bis.- Ámbito de aplicación

As normas desta sección serán aplicables ás eleccións xerais, europeas e autonómicas e modifican as disposicións xerais para adecualas ás especificidades do exercicio do dereito ao voto das persoas residentes no exterior.

Artigo 120 ter.- Demarcación consular e seccións electorais

1. Cada demarcación consular con máis de 500 electores e electoras organízase en seccións electorais.

No caso de que o número de electores e electoras da demarcación sexa inferior a este número, o seu censo incluírase na sección electoral máis próxima.

Cada sección inclúe un máximo de 4.000 electores e electoras e, se hai máis dunha por demarcación consular, un mínimo de 1.000.

En cada sección existe unha mesa electoral.

2. A oficina do censo electoral determina o número, os límites das seccións electorais, os seus locais e as mesas correspondentes a cada unha delas, por proposta das oficinas consulares.

A relación anterior debe ser publicada no *Boletín Oficial del Estado* ou no diario oficial autonómico correspondente, dependendo do proceso electoral convocado.



Nos seis días seguintes á publicación da dita relación, os electores e as electoras poden presentar reclamacións contra a delimitación efectuada, ante a Xunta Electoral Central ou as xuntas electorais autonómicas correspondentes, dependendo do proceso electoral convocado. No prazo de cinco días, a xunta electoral competente ditará resolución firme sobre estas reclamacións.

4. A publicación das seccións, das mesas e dos locais reiterarase nos diarios de maior difusión do Estado de que se trate, dentro dos dez días anteriores aos da votación, e será, así mesmo, obxecto de exposición pública nos consulados e demais centros e locais públicos españois no exterior.

Os consulados deberán sinalizar convenientemente os locais correspondentes a cada sección e mesa electoral.

Artigo 120 quater.- Funcións dos consulados e das xuntas electorais

1. As funcións que a sección II do capítulo III do título I desta lei lles asigna aos concellos son asumidas no exterior polos consulados.

2. As funcións que a sección II do capítulo III do título I desta lei lles asigna ás xuntas electorais provinciais ou de zona son asumidas no exterior pola Xunta Electoral Central ou, se é o caso, polas xuntas electorais das comunidades autónomas para as eleccións do seu ámbito.



Artigo 120 quinquies.- Organización da campaña electoral

1. Os consulados deben reservar locais oficiais e lugares de uso gratuíto para a realización de actos da campaña electoral.

2. Os consulados comunicaranlle á Xunta Electoral Central ou, se é o caso, á Xunta Electoral da Comunidade Autónoma correspondente a relación de locais, con indicación de días e horas nos que poden ser utilizados, dentro dos dez días seguintes á convocatoria de eleccións.

A dita relación deberalles ser comunicada aos representantes das candidaturas e publicada no *Boletín Oficial del Estado* ou no diario oficial autonómico correspondente, en función do proceso electoral convocado, dentro dos quince días seguintes á convocatoria.

A partir desa data os representantes das candidaturas poden solicitar ante os consulados a utilización dos locais e lugares mencionados. O cuarto día posterior á proclamación das candidaturas os consulados atribuirán os locais e lugares dispoñibles de acordo cos criterios do artigo 57.3.

3. Así mesmo, os consulados terán a obrigaón de reservar nos centros e nas dependencias públicas españolas correspondentes ao seu ámbito territorial lugares adecuados para a colocación gratuíta de carteis e doutros instrumentos de propaganda electoral. Os consulados comunicaranlle á Xunta Electoral Central ou á autonómica correspondente as localizacións dispoñibles.



Artigo 120 sexies.- Espazos gratuítos

Durante a campaña electoral os partidos, as federacións, as coalicións e as agrupacións que concorran ás eleccións teñen dereito a espazos gratuítos de propaganda nas emisións de televisión e radio de titularidade pública dirixidas ás persoas residentes no exterior ou existentes no exterior, conforme o establecido nas disposicións de carácter xeral.

Artigo 120 septies.- Designación de interventores e interventoras

1. Poderá ser designado interventor ou interventora aquela persoa que se atope inscrita no censo electoral da sección correspondente.

2. No caso de electores ou electoras non inscritos no censo correspondente á sección na que vaian desempeñar as súas funcións de interventor ou interventora, a Xunta Electoral Central ou a autonómica competente, segundo o proceso electoral convocado, deberá requirir da oficina do censo electoral a remisión urxente do certificado de inscrición no censo electoral, salvo que previamente sexa achegado pola persoa designada como interventor ou interventora.

Artigo 120 octies.- Mesas electorais

Os integrantes das mesas electorais serán elixidos na forma prevista con carácter xeral nesta lei dentro dos electores ou das electoras residentes a unha distancia do local electoral que será determinada regulamentariamente. Os membros da mesa e os suplentes que se despracen ata el para a súa constitución terán dereito a percibir as axudas de custo e indemnizacións que se determinen.



Artigo 120 nonies.- Voto por correspondencia

1. As persoas de nacionalidade española residentes no exterior con dereito a voto que desexen exercelo por correspondencia débenlle comunicar o seu propósito á oficina consular na que estean inscritas non máis tarde do vixésimo quinto día posterior á convocatoria. A dita comunicación débese realizar mediante escrito ao que se xuntará fotocopia do documento nacional de identidade ou pasaporte.

Recibida a comunicación, a oficina consular comprobará a inscrición, realizará a anotación correspondente no censo e estenderá o certificado solicitado.

2. A oficina consular enviaralles por correo certificado ao elector ou á electora, antes do décimo día anterior ao da votación, ao domicilio indicado por aqueles ou, no seu defecto, ao que figure no censo, as papeletas e os sobres electorais, xunto co certificado mencionado no punto anterior, e un sobre no que figurará o enderezo da citada oficina consular, así como o nome da circunscrición na que é elector ou electora e a indicación da mesa na que lle corresponde votar. Cos anteriores documentos xuntarase unha folla explicativa.

3. O aviso do recibo acreditativo da recepción da documentación á que alude o punto anterior debe ser asinado persoalmente pola persoa interesada logo de acreditación da súa identidade.

4. Estes electores e electoras exercerán o seu dereito de voto conforme o procedemento previsto no punto terceiro do artigo 73 e deberán enviar o sobre á oficina consular correspondente.



Tamén poderán exercer o seu dereito non máis tarde do terceiro día previo á elección entregando persoalmente o sobre correspondente na oficina consular de carreira ou sección consular da misión diplomática na que estean inscritos, para a súa custodia. Ese mesmo día o responsable da oficina consular estenderá unha dilixencia coa relación das persoas votantes que optaron por este procedemento.

5. A oficina consular ou sección consular conservará ata o día da votación toda a correspondencia dirixida ás mesas electorais e trasladaralla ás ditas mesas antes do pechamento dos colexios. Os sobres recibidos con posterioridade ao pechamento dos colexios non serán válidos.

Artigo 120 decies.- Especificidades dos sobres e do escrutinio

1. Os sobres destinados aos electores e ás electoras inscritos no censo de residentes no exterior conterán na súa parte externa e de forma clara o nome da circunscrición á que se refiren. As oficinas consulares asegurarán a entrega das papeletas e dos sobres nun número suficiente a cada unha das mesas electorais cando menos unha hora antes do momento no que se deba iniciar a votación.

2. No escrutinio das mesas electorais a presidencia extraerá un a un os sobres da urna correspondente e lerá en voz alta a circunscrición á que corresponde antes de proceder a ler a denominación da candidatura ou, se é o caso, o nome dos candidatos ou das candidatas votados.

Cando teñan preparada a correspondente documentación, a presidencia e os vogais e interventores ou interventoras que o desexen entregaranlla ao cónsul que corresponda, quen recibirá a documentación e expedirá o correspondente recibo, no que se deberá mencionar o día e a hora nos que se produce a entrega.



O cónsul enviaralle coa máxima brevidade e por valixa diplomática á xunta electoral competente os primeiros e segundos sobres previstos na lexislación xeral. Os terceiros sobres quedarán arquivados no consulado, e poderán ser reclamados polas xuntas electorais competentes e polos tribunais nos procesos contencioso-electorais.

Artigo 120 undecies.- Depuración do censo electoral de residentes no exterior

A oficina do censo electoral, de oficio e en colaboración cos consulados, levará a cabo unha revisión periódica do censo electoral de residentes no exterior.

O Estado español promoverá a formalización de convenios de colaboración cos países de residencia das persoas de nacionalidade española no exterior co obxecto de mellorar a fiabilidade e pronta revisión dos datos censuais por medio do cruzamento dos devanditos datos.”

Disposición transitoria única.- Revisión extraordinaria do censo de residentes no exterior

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, a oficina do censo electoral procederá, en colaboración cos consulados, a efectuar unha revisión extraordinaria e completa do censo de residentes españois no exterior.

Disposición derradeira primeira.- Desenvolvemento regulamentario

No prazo de tres meses a partir da entrada en vigor desta lei, e en todo caso no decreto de convocatoria do primeiro proceso electoral posterior á súa entrada en vigor, o Goberno, logo de audiencia da Xunta Electoral Central, ditará as disposicións regulamentarias precisas para o seu desenvolvemento e aplicación.



Disposición derradeira segunda.- Entrada en vigor

Esta Lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2008



PATRIMONIO CULTURAL E EMIGRACION



Galicia conta cun extraordinario patrimonio cultural dunha grande riqueza nas súas diversas modalidades, cunha extensa representatividade atendendo a criterios cronolóxicos e cunha inxente acumulación de bens culturais atendendo a criterios cuantitativos. A persistencia maioritaria das actividades ligadas ao mundo rural ata hai poucas décadas produciu unha abondosa presenza de patrimonio inmaterial. A transcendencia do fenómeno migratorio na historia galega leva aparelado o feito de que unha parte significativa do noso patrimonio cultural se atope fóra do país ou ben que garde unha relación directa coa emigración.

“Patrimonio documental, patrimonio artístico, patrimonio que está en forma de listas de socios de sociedades, xuntas, obras publicadas, xornais... Un patrimonio ó que en Galicia non somos normalmente moi sensibles —non só da emigración, senón tamén do que está aquí; que acostuma ir pola alcantarilla, en moitos casos— e, por tanto, este patrimonio que, en grande parte, agora está nunha situación crítica en América e é urxente que poidamos, polo menos, salvalo e, en parte, recuperalo”. Deste xeito expresábase o profesor Ramón Villares na comparecencia realizada o 23 de xuño de 2003 na Comisión para o estudo da situación da emigración, e engadía que Galicia tiña unha obriga institucional ineludíbel no recoñecemento do papel que a emigración tivo. Na súa opinión, esa obriga podía reflectirse na creación dunha institución que conxuntase documentación, investigación e divulgación a través da museoloxía.

O artigo 27 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece: “No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias: 18. Patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese para Galicia, se prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma, e que non sexan de titularidade estatal, conservatorios de música e servizos de Belas Artes de interese para a Comunidade”. O citado artigo 149 da Constitución establece: “1. O Estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias: ...28°. Defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a espoliación; museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen tocar á súa xestión por parte das comunidades autónomas”.



A partir deste marco de competencias desenvólvese o ordenamento xurídico dos bens culturais do noso país a través de diversas normativas entre as que acada unha especial relevancia a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia. Este texto define que “O patrimonio cultural de Galicia é constituído por tódolos bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados como de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo” (art. 1.1). Neste primeiro artigo apúntase tamén ao patrimonio cultural situado fóra do territorio galego indicando que a “administración autonómica procurará o retorno a Galicia daqueles bens especialmente representativos do noso patrimonio cultural que se atopen fóra dela” (art. 1.4). Inclúese tamén o seguinte artigo sobre a proxección exterior: “A difusión exterior do Patrimonio Cultural de Galicia será impulsada pola Xunta de Galicia, que fomentará os intercambios culturais que estime oportunos e promoverá, no ámbito das súas competencias, o establecemento de convenios ou acordos coas demais comunidades autónomas, así como cos estados nos que se atopen bens integrantes do Patrimonio Cultural de Galicia” (art. 6). Ao mesmo tempo, forman parte do noso ordenamento xurídico as disposicións derivadas dos tratados internacionais asinados ao abeiro do artigo 96.1º da Constitución española relativos ao patrimonio cultural.

A Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia deriva cara os convenios ou acordos con outros estados a preservación dun patrimonio cultural no exterior que, loxicamente, está afectado pola lexislación de cada un dos países con presenza da emigración galega. A propia natureza dos bens que conforman este patrimonio cultural implica medidas diferenciadas: no caso dos bens inmobles é indubidábel que as medidas deben encamiñarse pola vía dos acordos con outros estados e cos seus propietarios cara a súa conservación; os bens mobles, de forma individual ou ben como colección, susceptíbeis do seu comercio ou doazón, poden ser obxecto da súa reintegración no patrimonio galego; por último, os bens de natureza inmaterial definidos como “aqueles coñecementos, actividades, prácticas, saberes e calquera outra expresión que proceda de modelos, técnicas, funcións e crenzas propias da vida tradicional galega” teñen no ámbito da emigración características propias de grande interese



(pensemos nos procesos de conservación, evolución e hibridación da música galega nalgúns países latinoamericanos) ás que tamén podemos aplicar as medidas previstas para os bens afectados pola lexislación galega “cando estean en previsible perigo de desaparición, perda ou deturpación” para proceder ao seu estudo, documentación científica e á súa recollida por calquera medio que garanta a súa transmisión e posta en valor (art. 65, Lei 8/1995).

A esta preocupación polo patrimonio cultural galego do exterior e ao retorno daqueles “bens especialmente representativos” debemos sumar o interese que teñen proxectos emanados da propia colectividade emigrante para manter no seu entorno as institucións de salvagarda deste patrimonio cultural como, por exemplo, o Museo da Emigración Galega auspiciado pola Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires. Debemos lembrar aquí a conservación da habitación na que faleceu Alfonso Daniel Rodríguez Castelao no Hospital do Centro Galego de Bos Aires que permanece inalterábel dende a súa morte como un espazo patrimonial da galegitude.

A importancia do patrimonio cultural galego no exterior está documentada dabondo así como a repercusión que a actividade migratoria tivo historicamente na configuración do noso patrimonio, dentro e fóra do país. Dende a relevancia histórico-artística do Centro Galego da Habana pasando á influencia estilística da arquitectura das casas de indianos, dende as múltiples construcións de escolas ou locais de sociedades agrarias ata a introdución de aparellos tecnolóxico-culturais en Galicia coma o fonógrafo (e a consecuente activación das primeiras gravacións de discos galegos, en 1904, con destino alén-mar), dende a vizosa creación de xornais espallados por múltiples países ata a fundación de institucións artísticas e culturais –por non falar do propio movemento asociativo das sociedades mutualistas de emigrantes-, dende o apoio divulgativo e económico aos valores de Galicia e do galeguismo ata o mantemento da nosa cultura –de xeito moi destacado no ámbito editorial- durante as décadas posteriores a 1936. En resume, a propia historia de xestación do Himno galego e a súa estrea na Galicia exterior, da Real Academia Galega ou dos nosos símbolos son boa mostra do inmenso aporte da emigración ao patrimonio cultural galego.



A emigración galega relaciónase preferentemente con América, en segundo lugar con Europa e préstase menos atención aos movementos migratorios galegos noutras comunidades do estado. Sen embargo e a efectos de patrimonio cultural tamén Barcelona (por citar un Centro Galego que está entre os seis que teñen máis de cen anos) e outros territorios da península con abundosa presenza galega contan con mostras patrimoniais e culturais de interese. Debemos sinalar que noutros arquivos do estado ou das comunidades autónomas existe documentación de interese para Galicia, especialmente para as investigacións sobre a emigración galega nos séculos XVI e seguintes, razón pola que é preciso procurar a información sobre esta documentación con vista á súa localización, dereito de uso ou reprodución, ou traslado á propia comunidade.

Dende o propio ámbito da emigración téñense apuntado reflexións e propostas concretas sobre o patrimonio cultural da Galicia exterior, tanto nas comparencias desta Comisión de estudio da Emigración como noutros foros de debate. Hai xa máis de cincuenta anos, no 1º Congreso da Emigración celebrado en Bos Aires, o que fora deputado Ramón Suárez Picallo expresaba na súa ponencia os novos retos que as institucións creadas pola emigración tiñan a partir daquel ano de 1956:

“Mantéñense e seguirán manténdose, necesarias e indispensábeis, por aquel hálito espiritual de que falamos denantes; polas súas inquedanzas culturais, e como expresión viva do senso cooperativo, tradicional do home galego, vivindo en comunidade, en Galicia e fóra de Galicia.

Arrequentar esta herencia, buscándolle novos vieiros ou completando os xa emprendidos, será un sagro deber de todos os nosos emigrados, vellos e novos, voluntarios e involuntarios. Namentras, este traballo quer ser unha semblanza do que se leva feito; e, ademais un sinxelo homaxe aos que foron fundadores, precursores e continuadores do mutualismo galego en América, a máis grande e transcendental creación dos nosos irmáns emigrados”.



Máis preto no tempo, o VII pleno do Consello de Comunidades Galegas celebrado no ano 2003 na cidade de Bos Aires debatía o III Relatorio titulado "Preservación do Patrimonio actual e legado histórico das comunidades galegas no exterior". Finalmente acordouse a aprobación por unanimidade das seguintes conclusións:

“1. Recoñecendo o valor dos estudos e labores realizados ata hoxe, demándase a continuidade dos traballos do Consello da Cultura Galega, así como que por parte da Secretaría Xeral de Emigración se intensifique o importante esforzo de financiamento, impulso e seguimento destes traballos.

2. Que no labor de busca e catalogación de documentación e os labores de toda índole se chegue máis alá dos núcleos de actuación que ata agora centraron os traballos.

3. Que por parte da Secretaría Xeral de Emigración se favoreza o coñecemento e difusión dos traballos do Consello da Cultura Galega a todas aquelas Comunidades Galegas interesadas.

4. Que por parte das Comunidades Galegas se tome conciencia, en toda a súa gama e detalle, da importancia cultural dos bens mobles e inmobles, fotografías, documentación epistolar, folletos, e soportes de cultura máis intanxible co fin de que adopten as medidas eficaces de custodia e preservación e que se solicite a cooperación dos organismos pertinentes.

5. Debe tomarse tamén en consideración a relevancia cultural de prensa dedicada á vida das nosas colectividades, como testemuño diario do seu quefacer e da súa evolución.

6. Que se reflexione moi seriamente sobre a redacción dos estatutos sociais en canto o destino dos bens en caso de eventos como a disolución, extinción ou outros



análogos co fin de que estes poidan seguir sendo parte do acervo cultural accesible a tódolos galegos.

7. Que por parte da Secretaría Xeral de Emigración se continúe e consolide una liña de estudo sobre as consecuencias xurídicas dos textos actuais dos estatutos sociais coa fin de que se propoñan as correccións ou modificacións que se estimen pertinentes, de cara a unha mellor garantía de mantemento dos bens culturais e a súa difusión en Galicia e fora dela. Neste punto, é importante que se fomenta o traballo conxunto mediante a optimización dos recursos dos propios centros.

8. Dadas as especiais características do patrimonio cultural galego en Cuba, solicítase unha particular dedicación por parte da Secretaría Xeral de Emigración e do Consello da Cultura Galega neste país.

9. Estímase oportuno afianzar e afondar na participación das tres Universidades Galegas na preservación do patrimonio cultural e legado histórico das Comunidades Galegas no Exterior”.

Ao seguinte ano, 2004, entre os acordos da comisión delegada do Consello de Comunidades Galegas celebrada en Lisboa, incluíase un breve parágrafo sobre patrimonio que animaba a “ampliar, a países de Europa o labor de recuperación, catalogación e conservación do patrimonio histórico e documental dos centros galegos, como xa se está a facer en Arxentina, Uruguai, Brasil e Cuba, a través do Consello de Cultura Galega, a petición das propias entidades”.

No ano 2006, reunido en Santiago de Compostela o VIII Consello de Comunidades Galegas acordaba a través da Comisión 2ª “que os centros galegos existentes fora de Galicia que teñan ou cumpran máis de 100 anos sexan considerados como Patrimonio da Galeguidade e consonte a tal recoñecemento se estableza a protección necesaria do seu patrimonio bibliográfico, inmobiliario e demais, tal como legalmente sexa posíbel, facéndose xa unha especial mencións ao Centro Galego de Montevideo por ter cumpridos máis de 120 anos”. Por outra banda, na Comisión 1ª para



o debate do relatorio “Os galegos residentes no exterior no novo Estatuto de Autonomía”, acordouse a aprobación dunhas conclusións entre as que figuraba a solicitude dunha mención ao patrimonio galego exterior dentro do ámbito competencial dun novo Estatuto:

“5. Por último, ademais de contemplar aos galegos e galegas residentes no exterior dentro da cidadanía galega e de facer referencia ao papel das comunidades galegas como transmisores da lingua e a cultura galega no exterior, no Estatuto de Autonomía de Galicia debería contemplarse un título dentro do ámbito competencial sobre a regulación da protección do patrimonio galego no exterior.

Galicia conta cun valioso patrimonio artístico, bibliográfico, arquitectónico e histórico no exterior que forma parte da Galicia universal e cómpre protexer e potenciar. Consideramos que o Estatuto como norma básica de Galicia debe recoller a necesidade da súa protección así como o seu regulamento”.

A mesma preocupación polo patrimonio cultural galego relacionado coa emigración ten sido mostrada por outras institucións e persoas, nomeadamente do ámbito académico relacionado coas investigacións da emigración e do ámbito do estudio e conservación do patrimonio cultural. A coincidencia na salvagarda deste legado fai que se reiteren propostas xa enunciadas ás que sumaremos algunhas que, sen dúbida, teñen interese:

-As entidades e asociacións galegas no exterior poderán contemplar nos seus estatutos que o patrimonio de especial valor histórico, artístico ou patrimonial poida ser doado ao Goberno galego en caso de disolución da entidade, se así o acordaran os seus socios, garantindo deste xeito a supervivencia dunha herdanza que –en momentos de dificultade como a desaparición dunha entidade- corre o risco de disgregarse, desaparecer ou sucumbir ante o espolio. Esta reflexión xa fora apuntada no 2003 polas Comunidades Galegas como antes citamos.



-O patrimonio cultural relacionado coa emigración ademais de compilado e estudado, debe ser divulgado, sendo susceptíbel dun tratamento museístico estábel ou a través de eventos expositivos en consonancia coa importancia que a emigración galega ten na historia do país. A Cidade da Cultura semella o espazo acaído para a súa mostra á cidadanía.

- O patrimonio é un ben ao que deben acceder os cidadáns e as cidadás de Galicia, tanto do interior coma da emigración. Convén articular medidas para que tamén as persoas que viven na emigración teñan acceso ao noso patrimonio a través dos eventos ou formas de divulgación que se estimen oportunos.

Algunhas das inquiredanzas expostas sobre o patrimonio cultural e a emigración teñen sido obxecto de actuacións no pasado ou están a desenvolverse na actualidade. Outros casos agardan pola articulación das medidas precisas. Nos últimos tempos tivemos noticias sobre a creación do Centro de Investigación “Ramón Suárez Picallo” ligado á Federación de Sociedades Galegas que nace co obxectivo de impulsar e coordinar traballos relacionados coa emigración. Seguen desenvolvéndose os traballos de dixitalización de prensa da emigración que realizan diversas institucións galegas a anúnciase a intensificación na recuperación e difusión do patrimonio audiovisual galego espallado polo mundo. Tamén están en marcha os traballos iniciais de inventariado e catalogación dos centros centenarios entre os que se atopan o Centro Galego de Bos Aires, o de Avellaneda, o de Montevideo, o de Lisboa, o da Habana ou o de Barcelona, nos que, ademais do valor histórico e arquitectónico dos edificios, gárdase importante material documental e pictórico. Ou lévanse a cabo exposicións e congresos como “O sorriso de Daniel” ou as recentes xornadas “Bos Aires galega: Inmigración, pasado e presente”, realizadas na capital arxentina con reunións orientadas tanto a investigadores como ao público en xeral para analizar diversos aspectos da inmigración galega nesa cidade. Destacábeis son, tamén, os protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Cultura e Deporte co Patronato da Cultura Galega en Uruguay para catalogar e dixitalizar os seus fondos, co Centro Galego de Bos Aires para conservar e catalogar 130 obras de pintores galegos, co Instituto de Literatura e Lingüística de Cuba para a recuperación e recompilación da documentación do



Arquivo Galego do Centro Galego da Habana e outras coleccións, e coa Fundación Castelao no proxecto de catalogación universal da obra gráfica e escrita de Castelao espallada por Madrid, Arxentina, Estados Unidos, Cuba, Montevideo, México, Chile, Venezuela e outros países. Esta pequena listaxe de actividades referida aos últimos meses serve para mostrar que, a pesar da necesidade de intensificar os traballos sobre o patrimonio cultural exterior, tanto as administracións públicas coma as iniciativas non gobernamentais son permeábeis á chamada para preservar esta importante área da herdanza patrimonial de Galicia.

A inxente cantidade dos bens que conforman o patrimonio cultural de Galicia implica destinar importantes recursos de toda índole para a súa conservación e o lóxico establecemento de prioridades á hora de acometer programas concretos. No caso deste patrimonio que estamos a tratar, cabe citar que en boa parte os materiais teñen un alto valor simbólico e, sen embargo, non semellan destacar por un grande valor de mercado. Nesa dirección apuntan as verbas do investigador e membro activo do Arquivo da Emigración Galega, Xosé Manuel Núñez Seixas, que dá resposta ao título do seu propio artigo “¿Para que serve conservar o patrimonio da emigración?”:

“Iso si, entendámonos. Non son tesouros de valor tanxíbel. Quen pretenda vender no mercado libre un luxado libro de actas dunha sociedade de instrución, unha foto dun banquete antiforal de 1915, ou un “bibliorato” de correspondencia dos residentes dunha parroquia galega en Bos Aires, onde se detallan os seus desacordos con mestres, caciques e líderes agraristas locais ata 1936, levará unha profunda decepción. O valor que eses obxectos reciben é inmaterial: están atados ás vivencias dunha comunidade, a súa posición dentro da sociedade de inmigrantes, a súa autoestima e orgullo. Os vellos papeis e fotografías, os edificios pasados de moda ou a Federación de Sociedades Galegas, poñamos por caso, adquiren un valor no en si, senón en función do significado outorgado por un colectivo. Dese modo, o obxecto devén suxeito non só de lembranzas, senón tamén de dereitos e reivindicacións”.

CONCLUSIÓNS

A actual lexislación establece unha serie de medidas que tratan de adaptarse ás peculiaridades do patrimonio cultural galego do exterior. A Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia contempla que a “administración autonómica procurará o retorno a Galicia daqueles bens especialmente representativos do noso patrimonio cultural que se atopen fóra dela” ao tempo “que fomentará os intercambios culturais que estime oportunos e promoverá, no ámbito das súas competencias, o establecemento de convenios ou acordos coas demais comunidades autónomas, así como cos estados nos que se atopen bens integrantes do Patrimonio Cultural de Galicia”.

As opinións recollidas por esta Comisión, tanto nas comparecencias coma noutros foros que se teñen pronunciado sobre o tema que estudamos, presentan o común denominador da preocupación pola salvagarda deste patrimonio enunciando diversas medidas para tal fin: toma de conciencia da importancia dos bens patrimoniais da Galicia exterior e a conveniencia da adopción de medidas de custodia e preservación por parte dos titulares dos bens, intensificar estudos e labores sobre o patrimonio da emigración, ampliar os núcleos de actuación de determinados traballos en marcha incluíndo tamén a países de Europa, prestar atención ao patrimonio que posúen os centros galegos centenarios, prestar especial atención á prensa fundada pola emigración, potenciar a participación das universidades galegas no estudo deste legado cultural e avanzar na difusión dos traballos realizados coa posibilidade dun tratamento museolóxico destes bens culturais. Ademais tense formulado a reflexión sobre a pertinencia de doazón á Xunta de Galicia dos bens patrimoniais das institucións dos emigrantes en caso de disolución se así o acordasen os seus socios. No tocante ás competencias reflectidas nun novo Estatuto de Autonomía queda apuntada a posibilidade dunha mención explícita á relevancia do patrimonio galego no exterior.



RECOMENDACIÓNS

Nun novo Estatuto de Autonomía de Galicia debería estudarse a posibilidade de contemplar unha mención á importancia do patrimonio galego no exterior.

Regular dun xeito máis acaído a singularidade do patrimonio cultural galego no exterior na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, ou noutros textos lexislativos.

Procurar a documentación de interese para Galicia relacionada coa emigración galega existente en arquivos do estado ou das comunidades autónomas con vista á súa localización, dereito de uso ou reprodución, ou traslado á propia comunidade.

Débese chamar a atención sobre que os bens culturais e patrimoniais da emigración están baixo a distinta lexislación dunha serie de países no tocante a evitar a súa ruína, estrago, deterioración ou espolio, que na posíbel insuficiencia para garantir a súa salvagarda debe complementarse con medidas de posta en valor e co establecemento de convenios ou acordos con outras comunidades autónomas e estados tal como se recolle no artigo 6 da Lei 8/1995.

Debe procederse á catalogación e inventariado dos bens –inicialmente os máis representativos- do patrimonio da Galicia exterior.

A Cidade da Cultura semella o espazo idóneo para albergar este tipo de material disperso nos distintos centros da emigración galega. En concreto o Arquivo Nacional debe ser o centro neurálxico da dixitalización de documentación obtida no territorio exterior, favorecendo a súa conservación e permitindo o seu acceso a investigadores e ao público en xeral.



Intensificar os traballos de compilación, investigación, posta en valor e divulgación deste patrimonio cultural relacionado coa emigración a través dos eventos ou formas de divulgación que se estimen acaídos e articulando medidas para que o acceso ao seu coñecemento non faga distincións entre a cidadanía que vive en Galicia ou fóra do país.